



# **SUPRIME O CONTROL** INFORME PRELIMINAR

Análise estatística dos  
cuestionarios empregados  
como materiais durante o  
proceso




Deputación  
DA CORUÑA



IGUALDADE DE XÉNERO  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



FICHA TÉCNICA E  
TAXAS DE NON  
RESPOSTA TOTAL E  
PARCIAL





## Ficha técnica

**Formato** ▶ Enquisa de cumprimentación online.

**Universo** ▶ Alumnas e alumnos de 3º e 4º de E.S.O. dos seguintes 14 centros educativos: CPI Ponte Carreira, CPI As Revoltas, CPI Plurilingüe de Vedra, CPI Fonte Díaz, IES Ponteceso, CPI Armando Cotarelo, IES Eusebio Lorenzo Baleirón, IES Urbano Lugrís, IES Arzúa, CPI Camiño de Santiago, CPI de Xanceda, CPI Viaño Pequeno, CPI O Cruce e CPI Pecalama. En total, 516 alumnas e alumnos.

**Marco da mostra finalmente empregado** ▶ Conxunto de alumnos e alumnas de 3º de 4º de E.S.O. dos seguintes centros: CPI Ponte Carreira, CPI As Revoltas, CPI Plurilingüe de Vedra, CPI Fonte Díaz, IES Ponteceso, CPI Armando Cotarelo, IES Eusebio Lorenzo Baleirón, IES Urbano Lugrís, IES Arzúa, CPI Camiño de Santiago, CPI de Xanceda. 478 alumnas e alumnos en total. Quedan fóra do marco da mostra final as alumnas e alumnos do CPI Viaño Pequeno, CPI O Cruce, e CPI Pecalama.

**Mostra que cumprimentou o cuestionario** ▶ 413 alumnas e alumnos.

**Puntos de mostraxe** ▶ 14 Centros educativos do universo.

**Fecha de realización** ▶ De outubro a decembro de 2016.

---

## Non resposta total

A non resposta total refírese á cantidade de alumnas e alumnos invitados e invitadas a cumprimentar os cuestionarios, pero que finalmente non os cumprimentaron.

A continuación presentárase unha táboa que resume os erros de non resposta total para cada un dos centros educativos que forman parte do programa SUPRime O ConTRoL. Non se recibiu ningún cuestionario cumprimentado de tres centros educativos nos períodos establecidos: CPI Viaño Pequeno, CPI O Cruce, e o CPI Pecalama. No caso deste último, recibíronse 8 cuestionarios cumprimentados pero fóra dos prazos esixidos, polo que non formaron parte do informe e da análise final do estudo.

O IES de Arzúa, o IES Urbano Lugrís, e o IES Ponteceso presentan taxas de non resposta total salientablemente altas. No caso deste último, o centro de educativo malpicán, practicamente a metade dos alumnos e alumnas non cumprimentaron o cuestionario.

## Centros, alumnado total, alumnado que cumprimentou o cuestionario e taxa de non resposta total.

CENTRO EDUCATIVO	Alumnado total	Alum. cumprimentou o cuestionario	Taxa de non resposta total
CPI Ponte Carreira	20	20	0%
CPI As Revoltas	41	41	0%
CPI Plurilingüe de Vedra	61	61	0%
CPI Fonte Díaz	40	40	0%
IES Ponteceso	79	40	49,37%
CPI Armando Cotarelo	37	38	0%
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	24	23	4,17%
IES Urbano Lugrís	38	24	36,84%
IES Arzúa	63	51	19,05%
CPI Camiño de Santiago	52	52	0%
CPI de Xanceda	23	23	0%
CPI Viaño Pequeno	30	0	100%
CPI O Cruce	56	0	100%
CPI Pecalama	32	0	100%
TOTAL	596	413	30,71%

Fonte ▼  
 elaboración propia a partir  
 dos datos extraídos dos cuestionarios

En total, o 30,71% das alumnas e alumnos invitadas e invitados a cumprimentar o cuestionario non o fixeron. Se eliminamos do total aos centros educativos que finalmente non foron tidos en conta nas análises estatísticas (CPI Viaño Pequeno, CPI O Cruce e CPI Pecalama), a taxa de non resposta total descende a un 13,81%.

## Non resposta parcial e % de “non sei”

A non resposta parcial refírese á porcentaxe de rapazas e rapaces que non responderon a algún dos ítems concretos que se encontran no cuestionario. No caso deste proxecto, o erro de non resposta parcial máis que referirse a un erro de medida do propio cuestionario nalgún dos ítems, serve para ver aqueles que causan maior descoñecemento, ou xeran máis dúbidas, nas rapazas e nos rapaces.

O número de mozas e mozos que deixaron algún dos ítems sen responder é practicamente nulo. Unicamente se pode destacar a este respecto o 10,7% de rapazas e rapaces que non contestaron á pregunta “Se tes ordenador con acceso a Internet, telo na túa habitación?”. Esta pregunta non semella controvertida, polo que a incidencia da falta de resposta nela parece deberse a problemas de cumprimentación (situación da pregunta no cuestionario) por parte das enquisadas e enquisados.

En canto ás porcentaxes de mozas e mozos que responden “non sei” aos diferentes ítems, apréciase que o bloque II referente aos mitos sobre a violencia nas parellas é con bastante diferenza aquel que presenta maior porcentaxe de mozas e mozos que responden “non sei” aos ítems: 24,56% de media total. É especialmente destacable o ítem “Os homes que abusan das súas parellas, tamén foron maltratados na súa infancia”, quen presenta un 45,8% de mozas e mozos que din non saber se están de acordo ou en desacordo. Outros ítems que presentan máis dun 20% de taxa de “non sei” son: “Detrás dos malos tratos está o abuso de alcohol e outras drogas”, “A violencia de xénero é consecuencia dunha perda momentánea de control provocada polos nervios”, e “Os homes que agríden ás súas parellas son violentos por natureza”.

### % de non resposta parcial e “non sei” no Bloque I

BLOQUE I. RELACIÓNS DE PARELLA	% Non resposta	% Non sei
Nunha relación de parella non debe haber privacidade, hai que compartilo todo	0%	12,1%
Ante conflitos na parella, as rapazas tenden a miúdo a sentirse culpables	0%	24,7%
Os problemas dunha parella deben quedar na parella, mellor nin contalos nin meterse	0%	11,4%
Estar namorado ou namorada implica complacecer en todo á túa parella	0%	8,2%
Nas relacións de parella, aos rapaces gústalles controlar con quen vai a súa moza, controlar os seus gustos, como viste, quen a chama, as mensaxes que recibe e quen llos manda	0%	11,6%
A miúdo, cando hai problemas na parella, resulta moi difícil falar para poder resolvelos	0%	17,7%
As redes sociais e o WhatsApp son unha fonte de conflitos nas relacións de parella	0%	16,2%
É comprensible que, por amor, se deixe lado os intereses, proxectos e amizades	0%	8,5%
MEDIA TOTAL	0%	13,8%

## % de non resposta parcial e “non sei” no Bloque II

BLOQUE II. MITOS SOBRE A VIOLENCIA NAS PARELLAS	% Non resposta	% Non sei
Os homes que agríden ás súas parellas son violentos por natureza	0%	22%
Detrás dos malos tratos está o abuso de alcohol e outras drogas	0%	28,1%
Os homes que abusan das súas parellas, tamén foron maltratados na súa infancia	0%	45,8%
A violencia de xénero é consecuencia dunha perda momentánea de control provocada polos nervios	0%	25,4%
A violencia de xénero non é tan común. Trátase mais ben de casos illados. O que acontece é que saen continuamente nos medios (TV, radio, prensa, etc.) e iso fai que pensemos que pasa moito	0%	15,5%
O maltrato sucede principalmente nas parellas con poucos recursos	0%	18,9%
Nunha relación, cando sentes celos é porque queres moito á túa parella	0%	16,2%
MEDIA TOTAL	0%	24,56%

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios

## % de non resposta parcial e “non sei” no Bloque III

BLOQUE III. ACTITUDES E PERCEPCIÓNS ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO	% Non resposta	% Non sei
Nunha situación de malos tratos, aínda que o agresor pida perdón e se arrepende, a relación xa non pode normalizarse	0%	9,4%
Se unha muller é maltratada polo seu compañeiro e non o abandona, será porque non lle desgusta de todo a situación	0%	13,1%
Nunha relación de parella o mellor é que a muller non leve a contraria ao home	0%	3,9%
Está xustificado que un mozo agrida á súa parella se esta decide deixalo	0%	5,3%
É habitual que se vexan condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade, no mundo laboral, etc.	0%	9,4%
Entre adolescentes e persoas novas non hai violencia de xénero	0%	16%
A violencia de xénero, principalmente, é física	0%	6,1%
MEDIA TOTAL	0%	9,03%

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios



**% de non resposta parcial e “non sei” no Bloque IV**

BLOQUE IV. SEXISMO INTERIORIZADO: TRAZOS	% Non resposta	% Non sei
As mozas séntense máis atraídas por homes fortes, virís e agresivos	0,2%	14,5%
É máis apropiado que sexan os mozos os que tomen a iniciativa sexual	0,2%	20,1%
As mulleres razoan peor que os homes	0,2%	7,7%
Por natureza, as mulleres están mellor preparadas que os homes para soportar o sufrimento	0,2%	13,8%
Os homes, para ser respectados, non deben chorar nin amosar as súas emocións	0,2%	4,4%
Cando unha rapaza protesta, os rapaces soen dicir que a súa moza é histérica, egoísta e esaxerada	0,2%	11,6%
Debemos intentar resolver os conflitos chegando a acordos	0,2%	5,6%
<b>MEDIA TOTAL</b>	<b>0,2%</b>	<b>11,1%</b>

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios

**% de non resposta parcial e “non sei” no Bloque V**

BLOQUE V. SEXISMO INTERIORIZADO: ROLES	% Non resposta	% Non sei
Os homes están máis capacitados que as mulleres para desenvolverse na política, nos negocios, etc.	0,2%	7,5%
Os homes deben tomar as decisións máis importantes na vida da parella	0,2%	2,7%
O home debe ser quen aporte máis diñeiro á súa familia (muller e fillos/as), por iso debe cobrar un salario máis alto	0,2%	4,8%
Está ben que os rapaces estean con moitas rapazas, pero non ao revés	0,5%	3,6%
<b>MEDIA TOTAL</b>	<b>0,275%</b>	<b>4,65%</b>

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios

## % de non resposta parcial e “non sei” no Bloque VI

BLOQUE VI. PERCEPCIÓN DE CONDUCTAS DE ACOSO E CONTROL NAS REDES SOCIAIS (TIC'S)	% Non resposta	% Non sei
Difundir imaxes, vídeos ou conversas da túa parella por Internet ou a través do móbil sen o seu consentimento	0%	3,6%
Ter as contrasinais das redes sociais da túa parella, porque iso é unha mostra de confianza	0%	6,1%
Controlar o uso que fai a túa parella das redes sociais e do móbil	0%	4,1%
Enfadarse algunha vez e insultar, ofender ou ridiculizar á túa parella a través das redes sociais	0%	3,4%
Mandar varias mensaxes ao día á túa parella para saber que fai, onde está e con quen	0%	5,6%
Borrar algunha foto persoal das redes sociais cando á túa parella non lle guste	0%	8%
Que a túa parella se enfade se non lle contestas inmediatamente ás mensaxes	0%	4,4%
Prohibirle á túa parella que fale por WhatsApp, ou por outras redes sociais con algunhas persoas.	0,20%	3,40%
MEDIA TOTAL	0,025%	4,83%

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios



PRESENTACIÓN





Dada a problemática social que supón a violencia de xénero e a importancia que ten a adolescencia na formación de actitudes e crenzas que poden favorecerla, o presente estudo de investigación tivo como misión coñecer as crenzas, actitudes, condutas e comportamentos do alumnado ante este tipo de violencia. Definir o contexto co que estamos a traballar axudounos a sentar as bases para o deseño dos contidos para traballar no programa. Así, considerouse fundamental, para un adecuado desenvolvemento das actividades educativas, dispoñer dun coñecemento profundo sobre as ideas previas do alumnado, os seus valores e actitudes en relación ao fenómeno da violencia de xénero.

As súas crenzas e actitudes poden predicir unha futura conduta de violencia sexista, ou ser lexitimadoras e perpetuadoras de condutas sexistas que xa estean a reproducir.

A adolescencia é un período no que as mozas e os mozos manteñen as súas primeiras relacións afectivas, experimentan os primeiros desenganos e as primeiras reconciliacións. As súas experiencias e sentimentos fanos ser moi intensos e extremos, dándose unha sublimación das súas emocións, e da súa capacidade de anticipar consecuencias xa que apenas se desenvolveu. Así mesmo, os seus comportamentos adoitan ser impulsivos e inmaturos.

A súa percepción e coñecemento sobre as relacións de parella están idealizados e influenciados polo cinema, a literatura, a música, etc. O consumo mediático na adolescencia remítenos a un mundo de valores que, en moitos casos, reforzan accións que entrañan un abuso de poder. Polo que se non dispoñen dunha información axeitada, dificilmente poderán recoñecer condutas abusivas, e chegarán a interpretalo como algo normal. Nesta etapa, o romanticismo exerce unha enorme influencia. O amor vívese de forma intensa, irracional, posesiva... e este romanticismo facilita o mantemento de relacións que poden chegar a ser destrutivas. Unha visión excesivamente romántica do amor pode contribuír a que constrúan unha relación asfixiante, e o sentimento amoroso sexa utilizado como xustificación do control que se desexa exercer sobre a parella.

Polo que estas son características que se deben ter presentes á hora de analizar a situación das mozas e mozos nas súas primeiras relacións de parella, xa que a miúdo non recoñecen condutas abusivas e tenden a normalizalas.

Para a consecución do noso obxectivo, o alumnado participante no programa tivo que cumprimentar un cuestionario. En total rexistráronse 413 cuestionarios. Para coñecer máis detalles técnicos sobre a enquisa, pódese consultar a ficha técnica axuntada ao principio do documento. Neste cuestionario expuxéronse 53 ítems con varias opcións de resposta. Estes ítems pretendían recoller información acerca de:

- A** / Actitudes nas relacións de parella
- B** / Mitos sobre a violencia de xénero
- C** / Actitudes e percepcións ante a violencia de xénero
- D** / Estereotipos sexistas
- E** / Roles sexistas
- F** / Condutas de acoso e control nas redes sociais

Os cuestionarios fornecéronse a través dunha plataforma web. Como se pode apreciar, os 4 primeiros bloques refírense a crenzas, actitudes, valores e opinións. Mentres que os dous últimos teñen que ver con comportamentos e condutas concretas. Esta estrutura do cuestionario en bloques busca coñecer se os ítems referidos a crenzas, valores, actitudes e opinións, inflúen nos comportamentos e condutas machistas observados. Cabe recordar que dende un punto de vista teórico, as crenzas que as rapazas e os rapaces teñen conforman as súas actitudes, que á súa vez encarnaranse en determinadas condutas e comportamentos.

A mostra obtida está formada por 413 casos, sendo dos mesmos 211 rapazas e 198 rapaces. Catro das enquisadas ou enquisados non indicaron se se trataban de rapazas ou de rapaces.

En canto aos colexios, a mostra segue a seguinte distribución:

### Centros, total de alumnado, alumnado que cumprimentou o cuestionario e porcentaxe de alumnado que representa a cada centro na mostra final

CENTRO EDUCATIVO	Alumnado total	Alumnado que cumprimentou o cuestionario	Porcentaxe de alumnado de cada centro
CPI Ponte Carreira	20	20	4,8%
CPI As Revoltas	41	41	9,9%
CPI Plurilingüe de Vedra	61	61	14,8%
CPI Fonte Díaz	40	40	9,7%
IES Ponteceso	79	40	9,7%
CPI Armando Cotarelo	37	38	9,2%
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	24	23	5,6%
IES Urbano Lugo	38	24	5,8%
IES Arzúa	63	51	12,3%
CPI Camiño de Santiago	52	52	12,6%
CPI de Xanceda	23	23	5,6%
TOTAL	478	413	100%

Fonte ▼  
elaboración propia a partir  
dos datos extraídos dos cuestionarios

Atendendo a unha distribución por comarcas:

**Centros, comarca á que pertencen, alumnado que cumprimentou o cuestionario e porcentaxe de alumnado que representa a cada comarca na mostra final**

COMARCA	CENTROS EDUCATIVOS	Alumnado que cumprimentou o cuestionario	Porcentaxe
Ordes	CPI de Xanceda e CPI Ponte Carreira	43	10%
Arzúa	CPI Plurilingüe Fonte Díaz, CPI Armando Cotarelo, IES Arzúa e CPI Camiño de Santiago	181	44%
Bergantiños	IES Urbano Lugrís, IES Ponteceso e CPI As Revoltas	105	25%
Santiago	CPI Plurilingüe de Vedra	61	15%
O Sar	CPI Plurilingüe Eusebio Lorenzo Baleirón	23	6%
TOTAL		413	100%

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios

Coa información aportada nos cuestionarios, elaboráronse unha serie de índices segundo os anteriores bloques de contidos aos que responden os diferentes grupos de ítems:

- A / Índice sobre as actitudes nas relacións de parella.
- B / Índice sobre os mitos ao redor da violencia de xénero
- C / Índice sobre as actitudes e percepcións ante a violencia de xénero
- D / Índice de estereotipos sexistas
- E / Índice de roles sexistas
- F / Índice de condutas de acoso e control nas redes sociais

Estes índices deben ser entendidos como unha medida resumo de toda a información recollida a través do cuestionario cumprimentado polo alumnado. As conclusións achegadas permitíronnos poñer o foco de interese naqueles temas nos que era preciso afondar nas sesións educativas coas rapazas e rapaces de 3º e 4º da ESO dos distintos centros. Coa información bruta obtida por estes índices, reelaboráronse mediante ponderacións unhas notas medias finais para cada centro, curso e sexo en cada un dos bloques temáticos traballados. Así, ao final de cada apartado presentárase a **nota media**, a modo académico, que obtén cada unha das alumnas e alumnos de cada curso (3º e 4º) en cada centro. Estas notas deben ser entendidas con rango de 0 a 10, sendo 10 a mellor puntuación obtida posible polas rapazas e os rapaces, e 0 a peor. O aprobado, ao igual que nas notas académicas, obtense cunha cualificación de 5. Enténdese por tanto que canto maior sexa a puntuación, máis saudables serán as crenzas, opinións, actitudes, condutas e comportamentos en cada un dos 6 bloques. E viceversa, canto máis preto nos atopemos do 0 nas notas medias, máis peso do machismo encontraremos nas crenzas, opinións, actitudes, condutas e comportamentos tratados.

Ao longo deste informe de conclusións, vaise mostrando cal é a posición do alumnado dos centros educativos participantes en cada un dos índices elaborados. En todos eles, **canto máis alta é a puntuación, máis crenzas, actitudes, condutas ou comportamentos machistas en promedio se manteñen entre o alumnado.**

Os principais resultados obtidos poñen de relevo que o romanticismo exerce unha enorme influencia neste período. Os seus coñecementos sobre as relacións de parella están idealizados e moi influenciados pola literatura, o cinema, a música, etc. O amor vívese de forma intensa, irracional, posesiva, e este romanticismo facilita o mantemento de relacións que se poderían considerar potencialmente destrutivas. Unha visión excesivamente romántica do amor pode levar a que manteñan unha relación asfixiante, e utilicen o sentimento amoroso como xustificación do control que se exerce sobre a parella.

Estas e outras, son características que debemos tomar en conta á hora de entender a situación das mozas e mozos nas súas primeiras relacións de parella.

Por último, débese dicir que tamén se observou o peso da normatividade nalgúns dos bloques analizados, sobre todo naqueles nos que máis se asocian os ítems que o compoñen con comportamentos e condutas. Mentres que aqueles bloques con ítems que se refiren ou que se asocian máis coas crenzas e as opinións, as rapazas e rapaces responden en maior medida sen pensar o que deberían responder dende un punto de vista politicamente correcto. Froito deste sesgo, percíbese moito máis rexeitamento nas condutas e nos comportamentos machistas que nas crenzas, mitos e actitudes que sosteñen moitos aspectos do patriarcado.





ÍNDICES





## ○ ÍNDICE SOBRE AS ACTITUDES NAS RELACIÓNS EN PARELLA

Os ítems analizados neste primeiro bloque proporcionánnos unha fotografía xeral do pensamento crítico do alumnado, introducindo algunhas das cuestións sobre as que se afonda nos seguintes índices. Deste xeito, achégannos aos modelos de relación que manteñen ou idealizan e ao comportamento das mozas e mozos ante unha relación de parella. Así, as respostas ás situacións que se lles propoñían poden ser indicativas de se o alumnado ten ou non presente:

- Valores como a igualdade e o respecto.
- Ideas socialmente aceptables sobre o amor.
- Cuestións como a resolución de conflitos de forma construtiva.

Deste xeito, os **ítems "Nunha relación de parella non debe haber privacidade, hai que compartilo todo"**; **"Nas relacións de parella, aos rapaces gústalles controlar con quen vai a súa moza, controlar os seus gustos, como viste, quen a chama, as mensaxes que recibe e quen llos manda"**; teñen que ver coa súa percepción acerca da autonomía e a autorrealización, é dicir, se se considera que se debe ter un espazo propio dentro dunha relación de parella.

Estes ítems reflicten postulados do pensamento patriarcal. Fan referencia ao dominio do home sobre a muller e ao cumprimento das vontades deste.

Os ítems **"Estar namorado ou namorada implica compracer en todo á túa parella"**; **"É comprensible que, por amor, se deixe de lado os intereses, proxectos e amizades"**; achégannos a súa idealización e visión romántica do amor.

Os ítems **"Ante conflitos na parella, as rapazas tenden a miúdo a sentirse culpables"**; **"Os problemas dunha parella deben quedar na parella, mellor nin contalos nin meterse"**; **"A miúdo, cando hai problemas na parella, resulta moi difícil falar para poder resolvelos"**; **"As redes sociais e o WhatsApp son unha fonte de conflitos nas relacións de parella"**; pretendiamos comprobar en que medida se practican actitudes e comportamentos propios dunha relación na que prima unha clima de confianza, respecto e apertura, indicativo de que xestionan adecuadamente os sentimentos, necesidades, opinións, e os conflitos.

Así, con este índice tratouse de analizar as actitudes e ideas que mantén o alumnado participante ao redor dunha relación de noivado co obxectivo de detectar se son **saudables** e propias de **relacións igualitarias**, apoiadas en valores como o respecto, a convivencia, etc. e libres de actitudes sexistas; ou pola contra, manteñen actitudes e ideas propias dunha **relación tóxica**, na que poden sucederse dinámicas de dominación e de idealización.

Así pois, a discriminación sexista non só abarca a violencia de xénero, senón que tamén inclúe outros campos de desigualdade.


**Este índice varía de 8 a 24 puntos**, sendo 8 a puntuación de actitudes e **comportamentos "máis saudables"**, e 24 a puntuación de actitudes e **comportamentos "máis tóxicos"**.

A clasificación do alumnado dos centros educativos neste índice mostra unha gran variedade de puntuacións medias entre os cursos de 3º e 4º da ESO, entre rapazas e rapaces e entre os propios centros educativos.

Os centros educativos con maior puntuación neste índice, isto é, que teñen un posicionamento máis próximo a comportamentos e actitudes que se poden dar nunha relación de parella e que se poden considerar "tóxicos", aparecen nos primeiros postos do gráfico, e os que presentan menor puntuación aparecen nos últimos. Ademais, as cores vermellas representan as puntuacións medias para os cursos de 3º e as cores azuis as puntuacións medias para os cursos de 4º. O símbolo en forma de cadrado representa as puntuacións medias para as mulleres, e en forma de triángulo as puntuacións medias para os homes.

Neste índice, destaca por un lado que case todos os cursos de 4º presentan de media puntuacións de actitudes e comportamentos “máis saudables” que os cursos de 3º, excepto o **CPI Eusebio Lorenzo L. Baleirón**, e o **CPI Ponte Carreira**. Nestes casos, parece que a mocidade máis nova presenta ideas máis saudables e unha forma máis correcta de relacionarse en parella, aparentemente sen o peso da violencia machista.

Por outro lado, os centros educativos con puntuacións máis elevadas e indicativas de actitudes e comportamentos “máis tóxicos” son o **IES Urbano Lugrís**, o **CPI Fonte Díaz**, e o **CPI Plurilingüe de Vedra**. É salientable que dous destes centros pertencen á comarca de Bergantiños.



Débense destacar as rapazas do curso académico de 4º de E.S.O. do **CPI de Xanceda**, quen presentan en promedio as mellores puntuacións neste índice, e por tanto indica que refiren a actitudes e comportamentos máis saudables, ao igual que os rapaces de 3º do **CPI Eusebio Lorenzo Baleirón** e as rapazas de 3º do **CPI Ponte Carreira**. Este último centro é o que mellor resultados obtén, en global, neste índice.

Por outro lado, as rapazas e rapaces de 3º do **IES Urbano Lugo**, e os rapaces de 3º do **CPI de Vedra** e do **CPI Xanceda** presentan as puntuacións máis extremas neste apartado e indicativas de actitudes “máis tóxicas” na construción das súas relacións en parella.

Por último, pódese concluir que os cursos analizados de todos os **centros analizados non presentan unhas actitudes machistas nas relacións en parella que sexan especialmente alarmantes**.

Se facemos unha análise por sexo e curso, obtemos que son positivamente destacables as rapazas de 4º do IES as Revoltas e do IES Xanceda, os rapaces de 3º do IES Ponte Carreira, e os rapaces de 3º do CPI Eusebio L. Baleirón quen presentan unha forma de relacionarse en parella máis igualitaria e respectuosa.

De forma específica, detéctase que as rapazas e os rapaces xustifican certos hábitos nos comportamentos no seo das parellas que impiden que este índice atope unha puntuación que poderíamos considerar como baixa. Por exemplo, crese que os problemas na parella deben quedar na propia parella, sen intervención de persoas externas ás mesmas. As redes sociais como Whatsapp tamén son vistas como unha fonte de problemas nas relacións de parella. As dúas xustifican comportamentos de control, e perda de autonomía e privacidade individual en beneficio dunha visión dependente do outro membro na parella. É especialmente destacable que **máis da metade das rapazas (51%) opinen que as redes sociais como o Whatsapp son unha fonte de conflitos nas relacións de parella**. En canto ás diferenzas entre rapaces e rapazas é especialmente destacable que **máis de 9 de cada 10 rapazas (91,5%) rexeitan que estar namorado ou namorada implique comracer en todo á túa parella. Fronte a isto, só menos de 6 de cada 10 rapaces (59,1%) rexeitan esta idea de comracerencia**. Vese polo tanto que as expectativas que se teñen da parella son máis tóxicas nos rapaces que nas rapazas, tendo especial peso neste apartado a mala interpretación do amor romántico.

Está amplamente comprobado que a “idea do amor romántico” exerce unha gran influencia nesta etapa adolescente. Se ben é certo, a concepción romántica do amor foi mudando ao longo dos anos, en boa medida pola influencia exercida polos produtos culturais que consumen. A pesar dos cambios, o amor segue vivíndose de forma intensa, irracional e posesiva. Este romanticismo facilita que se manteñan relacións que se poderían considerar “tóxicas”. Deste xeito, durante a adolescencia, unha visión excesivamente romántica do amor pode contribuír a que a mocidade constrúa unha relación asfixiante e o sentimento amoroso chegue a empregarse para xustificar o control que se quere exercer sobre a parella (González y Santana, 2001).

Na seguinte táboa móstranse as notas medias para cada curso, centro e sexo da persoa enquisada. Se ben ningún perfil acadá unha nota de suspenso, pódese apreciar o xa dito na análise do índice: as notas oscilan entre o aprobado e o notable baixo. Sendo o **IES Urbano Lugo** o centro que conta coas notas máis baixas neste bloque de actitudes saudables na parella. Este bloque é o segundo de todo o estudo no que peores notas medias foron rexistradas.

## Nota media por curso, centro e sexo, das actitudes saudables na parella

CENTROS	Curso	Sexo	Nota de actitudes saudables na parella
CPI Armando Cotarelo Valledor	3º	Home	5,99
	3º	Muller	6,18
	4º	Home	6,88
	4º	Muller	7,15
CPI As Revoltas	3º	Home	6,34
	3º	Muller	7,50
	4º	Home	5,98
	4º	Muller	7,68
CPI Camiño de Santiago de Compostela	3º	Home	6,54
	3º	Muller	6,83
	4º	Home	7,14
	4º	Muller	6,46
CPI de Xanceda	3º	Home	5,69
	3º	Muller	6,96
	4º	Home	-
	4º	Muller	8,13
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	3º	Home	8,13
	3º	Muller	6,77
	4º	Home	6,36
	4º	Muller	6,43
CPI Fonte Díaz	3º	Home	6,09
	3º	Muller	5,90
	4º	Home	6,56
	4º	Muller	6,31
CPI Plurilingüe de Vedra	3º	Home	5,59
	3º	Muller	6,61
	4º	Home	7,25
	4º	Muller	6,64
CPI Ponte Carreira	3º	Home	6,41
	3º	Muller	7,88
	4º	Home	7,14
	4º	Muller	6,88
IES de Arzúa	3º	Home	6,21
	3º	Muller	6,58
	4º	Home	6,88
	4º	Muller	6,72
IES Ponteceso	3º	Home	6,44
	3º	Muller	6,31
	4º	Home	6,38
	4º	Muller	7,08
IES Urbano Lugo	3º	Home	5,49
	3º	Muller	5,69
	4º	Home	5,94
	4º	Muller	7,50

Fonte ▼  
 elaboración propia a partir  
 dos datos extraídos dos cuestionarios


## ○ ÍNDICE SOBRE OS MITOS AO REDOR DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Con este índice quixemos comprobar o grao de arraigo social que mantén toda unha serie de mitos e falsas crenzas acerca de por que se produce a violencia machista. Crenzas que, en moitos casos, tenden a sustentarse na xustificación do comportamento do agresor.

Este índice varía de 7 a 21 puntos, sendo 7 a puntuación de mitificación sobre a violencia de xénero máis baixa, e por tanto, máis comprometida e fidedigna coa realidade, e 21 a puntuación de mitificación máis marcada pola presenza de ideas distorsionadas, prexuizos, e tópicos que xustifican as agresións, e polo tanto, dificultan a identificación dos primeiros indicios de violencia de xénero. Estes mitos e tópicos que forman parte do seu sistema de crenzas sobre a violencia de xénero, ademais de non ser certos, contribúen a reproducila e a perpetuala. O conxunto de ítems que compoñen este índice son os seguintes:

- Os homes que agriden ás súas parellas son violentos por natureza.
- Detrás dos malos tratos está o abuso de alcohol e outras drogas.
- Os homes que abusan das súas parellas, tamén foron maltratados na súa infancia.
- A violencia de xénero é consecuencia dunha perda momentánea de control provocada polos nervios.
- A violencia de xénero non é tan común. Trátase mais ben de casos illados. O que acontece é que saen continuamente nos medios (TV, radio, prensa, etc.) e iso fai que pensemos que pasa moito.
- O maltrato sucede principalmente nas parellas con poucos recursos.
- Nunha relación, cando sentes celos é porque queres moito á túa parella.

Os centros educativos con puntuacións máis elevadas neste índice son o **IES Urbano Lugo**, o **CPI Fonte Díaz de Touro**, e o **IES Ponteceso**. É salientable que dous destes centros pertencen á comarca de Bergantiños.





Unha primeira lectura destes resultados apunta que as rapazas do curso académico de 4º de E.S.O. do CPI Ponte Carreira presentan en promedio as puntuacións máis positivas, polo que os mitos que sustentan a violencia de xénero teñen menos arraigo. Así como tamén os rapaces de 3º do C.P.I. Eusebio Lorenzo Baleirón e as rapazas de 4º do CPI As Revoltas, e as rapazas e rapaces do **IES Arzúa**. Este último centro é o que mellor resultados obtén, en global, neste apartado.

Por outro lado, os rapaces de 4º do IES Urbano Lugo e os do CPI Plurilingüe de Vedra, así como os rapaces de 3º do IES Ponteceso presentan as puntuacións que acadan un maior peso neste índice, polo que se desvela que asumen distintos mitos culturais que sosteñen a violencia de xénero. É moi destacable que estes tres grupos de rapaces mencionados presentan unha puntuación moi próxima do limiar que os catalogaría como **alto** nesta asunción dos mitos sobre a violencia de xénero.

É neste apartado da mitificación sobre a violencia de xénero onde unicamente se observou algún curso con puntuacións perigosamente altas. Porén, **a inmensa maioría encóntrase nun grao medio de mitificación** da violencia de xénero, e incluso as rapazas de 4º de E.S.O. do Ponte Carreira e do CPI As Revoltas, e as rapazas e rapaces de 4º do IES Arzúa teñen un grao baixo de mitificación da violencia de xénero.

Dito isto, cabe preguntarnos: **por que a mitificación sobre a violencia de xénero é o aspecto que máis alarmas ou máis atención xerou neste estudo?** O certo é que isto se debe a unha alta porcentaxe de rapazas e rapaces que din “non saber” se están de acordo ou non cos ítems deste bloque. Por exemplo, un 45,8% de rapazas e rapaces afirma **non saber se os homes que abusan das súas parellas o fan porque foron maltratados na súa infancia**. Ou un 28,1% afirma non saber se detrás dos malos tratos encóntrase un abuso de alcohol, drogas ou outras sustancias.

Todos estes exercicios cognitivos de xustificación indirecta da violencia de xénero mediante as crenzas, son máis frecuentes nos rapaces que nas rapazas. Os homes, froito dunha interiorización diferente das mensaxes dos axentes socializadores, fortemente influenciados pola cultura patriarcal, non son tan conscientes de que a violencia de xénero se produce porque existe un papel de dominación do home sobre a muller. Así, téndese a (des)mitificar esta idea unidireccional da violencia, xustificándose o peso de axentes externos (o abuso de drogas, a violencia por natureza, perda momentánea dos nervios, os malos tratos na infancia, etc.) nunha mitificación falsa da violencia de xénero. É dicir, desresponsabilízase ao home como axente potencial que exerce a violencia de xénero sobre unha muller, apelándose a aspectos que non teñen que ver coa cultura patriarcal que lexítima a súa hexemonía. Así, os rapaces en moita maior medida que as rapazas cren que eles non poden acabar exercendo algún tipo de violencia machista, e **xustifican as situacións de violencia machista como consecuencias dunha situación na que o home, como xénero masculino, non é tan responsable** como si o son as desgrazas externas que puido ter sufrido ou sofre na actualidade. **Exemplos que avalan esta idea encóntranse en que case 4 de cada 10 rapaces (37,4%) opinan que a violencia de xénero é consecuencia dunha perda momentánea de control provocada polos nervios**. A este último respecto, chama a atención a crenza interiorizada que manteñen sobre que a violencia de xénero é algo momentáneo, e non unha expresión do exercicio do control sobre a parella ou exparella. O ciclo da violencia explica o mecanismo deste complexo engrenaxe de manipulación afectiva, e como a violencia é a ferramenta da que se vale o agresor para exercer o control sobre a súa parella.

No apartado referentes ás conclusións mostrárase de forma esquemática como esta visión “mitificada” sobre a violencia de xénero inflúe nos comportamentos que se teñen no seo das parellas en aspectos como as percepcións de condutas de acoso e control nas redes sociais (TIC's).

Coas notas medias por curso, centro e sexo pódese concluír o que se acaba de ver no índice: de todo o estudo realizado aparecen aquí os únicos “suspensos”. **Os rapaces de 4º do Ponte Carreira, de 3º do IES Ponteceso, e de 4º do IES Urbano Lugo suspenden en desmitificación da violencia de xénero**. Ademais, observando de forma global todas as notas, tamén se aprecia que son, con bastante diferenza, as máis baixas de todos os bloques que se analizan neste cuestionario.

## Nota media por curso, centro e sexo en desmitificación da violencia de xénero

CENTROS	Curso	Sexo	Nota en desmitificación da violencia de xénero
CPI Armando Cotarelo Valedor	3º	Home	5,84
	3º	Muller	6,87
	4º	Home	6,03
	4º	Muller	6,83
CPI As Revoltas	3º	Home	5,92
	3º	Muller	7,14
	4º	Home	6,64
	4º	Muller	7,98
CPI Camiño de Santiago de Compostela	3º	Home	6,10
	3º	Muller	6,43
	4º	Home	6,31
	4º	Muller	6,94
CPI de Xanceda	3º	Home	5,81
	3º	Muller	5,95
	4º	Home	-
	4º	Muller	7,65
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	3º	Home	6,25
	3º	Muller	6,19
	4º	Home	5,59
	4º	Muller	7,04
CPI Fonte Díaz	3º	Home	6,31
	3º	Muller	5,71
	4º	Home	6,31
	4º	Muller	5,71
CPI Plurilingüe de Vedra	3º	Home	6,03
	3º	Muller	6,12
	4º	Home	6,38
	4º	Muller	7,19
CPI Ponte Carreira	3º	Home	6,25
	3º	Muller	7,29
	4º	Home	4,11
	4º	Muller	8,36
IES de Arzúa	3º	Home	5,80
	3º	Muller	6,62
	4º	Home	7,94
	4º	Muller	8,12
IES Ponteceso	3º	Home	4,64
	3º	Muller	6,62
	4º	Home	5,43
	4º	Muller	7,86
IES Urbano Lugo	3º	Home	6,11
	3º	Muller	6,59
	4º	Home	4,82
	4º	Muller	6,43

Fonte ▼  
 elaboración propia a partir  
 dos datos extraídos dos cuestionarios


## ○ ÍNDICE SOBRE AS ACTITUDES E PERCEPCIÓNS ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO

A través deste índice analízanse as actitudes e percepcións do alumnado respecto ás crenzas que seguen sosténdose en torno á violencia machista.

Este índice varía novamente de 7 a 21 puntos. O alumnado que se sitúa en torno a 7 puntos é o máis crítico, e por tanto, quen en maior medida condena as condutas machistas e rexeita falsas crenzas para xustificar as agresións e culpabilizar ás vítimas; e en torno a 21 puntos sitúase aquel alumnado que mantén máis prexuízos ou ten interiorizadas estas falsas crenzas. O conxunto de ítems que compoñen este índice son os seguintes:

- Nunha situación de malos tratos, aínda que o agresor pida perdón e se arrepinta, a relación xa non pode normalizarse.
- Se unha muller é maltratada polo seu compañeiro e non o abandona, será porque non lle desgusta de todo a situación.
- Nunha relación de parella o mellor é que a muller non leve a contraria ao home.
- Está xustificado que un mozo agrida á súa parella se esta decide deixalo.
- É habitual que se vexan condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade, no mundo laboral, etc.
- Entre adolescentes e persoas novas non hai violencia de xénero.
- A violencia de xénero, principalmente, é física.

Neste índice, os centros educativos con puntuacións máis elevadas son o CPI Fonte Díaz, o CPI As Revoltas e o CPI de Xanceda. É salientable que dous destes centros pertencen á comarca de Arzúa.



É destacable o posicionamento das rapazas do curso académico de 4º de E.S.O. do IES Ponteceso. Este grupo presenta, en promedio, as mellores puntuacións neste índice que pretende medir actitudes que manteñen ante a violencia de xénero. Así como tamén os rapaces de 3º e 4º do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón e as rapazas de 4º do IES Urbano Lugo.

Aínda que ningún dos grupos estudados presenta puntuacións que poidan ser consideradas como perigosamente altas, os grupos coas puntuacións máis elevadas son as rapazas e os rapaces de 4º do CPI Revoltas, as rapazas de 4º do CPI Armando Cotarelo Valledor, e as rapazas de 3º do CPI Fonte Díaz. Estes grupos, aínda que manteñen un posicionamento leve, son nos que máis se perpetúan determinadas actitudes e percepcións sexistas.

Pódese concluír que case **todos os grupos estudados presentan un grao “medio” de aceptación de certas crenzas que contribúen a perpetuar a violencia contra as mulleres**, exceptuando as rapazas de 4º do IES Ponteceso, cuxa puntuación indica que teñen menos interiorizadas determinadas actitudes e percepcións sexistas que conforman a base do problema.

Este índice para a medición das actitudes e percepcións ante a violencia de xénero non sae tan reforzado nos cuestionarios como o índice dos mitos. Pola contra, este índice parece debuxar unha **modicidade que mantén actitudes de rexeitamento da violencia de xénero**, que crítica e que cuestiona certas ideas e crenzas en torno a violencia de xénero. Isto pode deberse a que as actitudes sexan vistas como algo máis próximo á realidade que coñecen, como algo máis próximo que as propias crenzas. Así, unha actitude machista pode que se vexa máis próxima a un comportamento machista que unha crenza ou un mito que desvirtúa a realidade sobre as razóns polas que se produce a violencia de xénero.

Aínda do cal, certos ítems do cuestionario denotan que manteñen unha baixa conciencia sobre a violencia de xénero. Así por exemplo, extráese que máis da metade das rapazas e dos rapaces (54%) pensan que a violencia de xénero, principalmente, é física. 3 de cada 10 pensan que entre adolescentes e persoas novas non hai violencia de xénero. E, en torno á metade das mozas e dos mozos cren que non é habitual que se vexan condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade, ou no mundo laboral. Sendo unicamente 2 de cada 10 rapaces os que pensen que é habitual ver este tipo de condutas na televisión, na publicidade, ou no mundo laboral. Isto evidencia a necesidade de poñer en tea de xuízo o seu sistema de crenzas, contraponéndoo ao que realmente sucede, e darlles a coñecer a realidade da violencia de xénero en todos os seus ámbitos, a importancia do maltrato psicolóxico e o control como parte desta violencia, para que este problema se recoñeza, e se poidan xerar referentes de socialización máis positivos.

Nas notas medias por curso, centro e sexo pódese concluír o que se acaba de ver no índice, podéndose considerar todas as notas como un aprobado, pero sen pasar en ningún caso do notable: a máxima nota rexistrada neste eido é un 7,62 das **rapazas de 4º de E.S.O. do IES Ponteceso**.

## Nota media por curso, centro e sexo de actitudes contra a violencia de xénero

CENTROS	Curso	Sexo	Nota de actitudes contra a violencia de xénero
CPI Armando Cotarelo Villedor	3º	Home	6,85
	3º	Muller	6,61
	4º	Home	6,47
	4º	Muller	5,59
CPI As Revoltas	3º	Home	5,41
	3º	Muller	5,71
	4º	Home	6,69
	4º	Muller	6,56
CPI Camiño de Santiago de Compostela	3º	Home	6,54
	3º	Muller	6,12
	4º	Home	5,97
	4º	Muller	6,89
CPI de Xanceda	3º	Home	5,64
	3º	Muller	6,17
	4º	Home	-
	4º	Muller	6,74
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	3º	Home	7,14
	3º	Muller	6,07
	4º	Home	7,32
	4º	Muller	6,07
CPI Fonte Díaz	3º	Home	6,07
	3º	Muller	5,59
	4º	Home	6,11
	4º	Muller	6,50
CPI Plurilingüe de Vedra	3º	Home	6,23
	3º	Muller	6,35
	4º	Home	6,52
	4º	Muller	6,43
CPI Ponte Carreira	3º	Home	6,79
	3º	Muller	6,50
	4º	Home	6,51
	4º	Muller	6,64
IES de Arzúa	3º	Home	6,26
	3º	Muller	6,76
	4º	Home	6,43
	4º	Muller	6,61
IES Ponteceso	3º	Home	6,29
	3º	Muller	5,95
	4º	Home	7,07
	4º	Muller	7,62
IES Urbano Lugo	3º	Home	6,66
	3º	Muller	6,07
	4º	Home	6,25
	4º	Muller	7,14

Isto danos conta da necesidade de fomentar a reflexión e unha actitude crítica entre o alumnado que lles permita distinguir e ser conscientes do que se ve nos medios, escoitan ou viven nas súas relacións.

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios

## ○ ÍNDICE DE ESTEREOTIPOS SEXISTAS


Este índice, ao igual que os anteriores, varía novamente de 7 a 21 puntos. En torno a 7 puntos sitúase o alumnado que mantén menos crenzas estereotipadas, e en torno aos 21 puntos sitúase o alumnado que ten máis interiorizado e reproduce diversos estereotipos sexistas que lexitiman actitudes de autoridade e dominio do varón.

Así, con sexista referímonos ao que concirne, como afirma Moya (2003), ao conxunto de actitudes que se manteñen en canto aos roles e ás responsabilidades que se consideran apropiadas para homes e mulleres, así como ás ideas que se manteñen acerca das relacións que homes e mulleres manteñen entre si. Subirats (1994) completa esta concepción definíndoa como aquelas actitudes que introducen á desigualdade e a unha xerarquización no trato das persoas en función do seu sexo. Neste senso, a adolescencia é un período crítico no que rapazas e rapaces van adquirindo unha nova identidade. Dalgunha maneira asumirán ou rexeitarán certos postulados sociais do marco interpretativo do sistema patriarcal, no que gravita a mentalidade sexista.

O conxunto de ítems que compoñen este índice son:

- As mozas séntense máis atraídas por homes fortes, virís e agresivos.
- É máis apropiado que sexan os mozos os que tomen a iniciativa sexual.
- As mulleres razoan peor que os homes.
- Por natureza, as mulleres están mellor preparadas que os homes para soportar o sufrimento.
- Os homes, para ser respectados, non deben chorar nin amosar as súas emocións.
- Cando unha rapaza protesta, os rapaces soen dicir que a súa moza é histérica, egoísta e esaxerada.

Os centros educativos con puntuacións máis elevadas son o **IES Ponteceso**, e o **CPI Armando Cotarelo Valledor**.





Destacan as rapazas do curso académico de 4º de E.S.O. do IES Urbano Lugrís por presentar, en promedio, as mellores puntuacións, e por tanto, por manter crenzas afastadas destes estereotipos sexistas. Nesta mesma liña sitúanse as rapazas de 3º do **CPI As Revoltas**. Este último centro presenta, en global, as mellores puntuacións acadadas neste índice.

Por outro lado, os rapaces de 3º e 4º do CPI Armando Cotarelo Valledor, os rapaces de 3º e as rapazas de 4º do IES Ponteceso, e os rapaces de 3º do CPI Xanceda, presentan os valores máis elevados para este índice. Aínda do cal, ningún grupo presenta puntuacións que se poidan considerar altas.

Por último, pódese concluír que **todos os cursos presentan un grao de sexismo neste eido moi distribuído entre o medio (puntuación 10 ou máis) e o baixo (menos de 10)**. Os estereotipos sexistas son, en moitos dos ítems, claras invitacións a un comportamento determinado, ou directamente un comportamento. Este feito volve ser explicativo dos escasos aspectos machistas observados neste apartado. O carácter normativo dun considerado "bo" comportamento igualitario volve a facer que as rapazas e os rapaces perciban como "malo" os comportamentos con carices machistas ou que poidan ser interpretados como tal. Así, tanto as rapazas como os rapaces optan por maiormente marcar o politicamente correcto, ou o que pensan que é o máis aceptable para a sociedade.

Aínda así, volven a darse algúns ítems que xeran certa controversia. **Case 4 de cada 10 rapazas e rapaces cren que as mozas se senten máis atraídas por homes fortes, virís e agresivos**. Esta é unha percepción máis frecuente nos rapaces que nas rapazas. Entre 3 e 4 de cada 10 rapazas e rapaces pensan que é máis apropiado que sexan os mozos os que tomen a iniciativa sexual. Novamente volve a ser unha opinión máis frecuente entre os rapaces, pero sen marcarse diferencias significativas respecto ás mulleres. Onde si se observan diferencias estatisticamente significativas entre homes e mulleres, é nos seguintes ítems: A práctica totalidade das rapazas (case un 96%) rexeita que os homes para ser respectados non deben chorar nin mostrar as súas emocións. Porén, só 78,8% dos homes, 8 de cada 10, rexeitan este ítem. Doutra banda, 6 de cada 10 rapazas (60,2%) concordan en que cando unha rapaza protesta, os rapaces soen dicir que a súa moza é histérica, egoísta e esaxerada. Esta opinión difire da dos rapaces, quen só están de acordo ou algo de acordo nun 40,9%.

Nas notas medias por curso, centro e sexo pódese concluír o que se acaba de ver no índice. Na meirande parte dos casos, as notas son de notable alto, destacando positivamente as rapazas de 4º de E.S.O. do IES Urbano Lugrís quen obtiveron unha nota media de 8,93. Aínda do cal, algúns destes prexuízos e estereotipos sexistas conviven e se reproducen nas actitudes das e dos adolescentes, polo que debemos prestarlle atención para que poidan comprender o fenómeno da violencia de xénero en todas as súas dimensións.

## Nota media por curso, centro e sexo en rexeitamento dos estereotipos sexistas

CENTROS	Curso	Sexo	Nota en rexeitamento dos estereotipos sexistas
CPI Armando Cotarelo Valledor	3º	Home	7,02
	3º	Muller	7,94
	4º	Home	6,99
	4º	Muller	8,45
CPI As Revoltas	3º	Home	7,71
	3º	Muller	8,85
	4º	Home	8,31
	4º	Muller	8,55
CPI Camiño de Santiago de Compostela	3º	Home	8,44
	3º	Muller	8,49
	4º	Home	8,26
	4º	Muller	8,16
CPI de Xanceda	3º	Home	6,83
	3º	Muller	7,91
	4º	Home	-
	4º	Muller	8,67
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	3º	Home	8,12
	3º	Muller	7,20
	4º	Home	7,38
	4º	Muller	8,16
CPI Fonte Díaz	3º	Home	7,94
	3º	Muller	8,09
	4º	Home	7,23
	4º	Muller	7,75
CPI Plurilingüe de Vedra	3º	Home	8,28
	3º	Muller	8,04
	4º	Home	8,29
	4º	Muller	7,70
CPI Ponte Carreira	3º	Home	8,39
	3º	Muller	7,50
	4º	Home	8,66
	4º	Muller	8,31
IES de Arzúa	3º	Home	8,61
	3º	Muller	8,48
	4º	Home	8,37
	4º	Muller	7,72
IES Ponteceso	3º	Home	6,36
	3º	Muller	7,86
	4º	Home	7,86
	4º	Muller	6,91
IES Urbano Lugo	3º	Home	8,09
	3º	Muller	8,41
	4º	Home	7,32
	4º	Muller	8,93

Fonte ▼  
 elaboración propia a partir  
 dos datos extraídos dos cuestionarios

## ○ ÍNDICE DE ROLES SEXISTAS

Con este índice, novamente, quíxose comprobar se se mantiñan actitudes e condutas sexistas cara as mulleres en canto que as perciben de forma estereotipada e limitada a certos roles tradicionais, e se lexitiman relacións de poder entre homes e mulleres. As actitudes de rol de xénero entendémolas como as crenzas que manteñen sobre que roles son apropiados para homes e para mulleres. Observouse que as crenzas sobre os roles tradicionais, sobre a subordinación das mulleres aos varóns, sobre a restrición dos dereitos das mulleres en reforzo da dominación masculina están relacionadas coa tendencia a culpabilizar á vítima, a lexitimar as actitudes e comportamentos dos maltratadores e a soste os mitos sobre a violencia de xénero (Berkel et al, 2004; Mullender, 2000; Willis, Hallinan y Melby, 1996).


Este índice varía de 4 a 12 puntos, sendo 4 a puntuación que obtén o alumnado que en maior medida rexeita a presenza de roles sexistas, e 12 é a puntuación que obtén o alumnado que mantén actitudes cara as mulleres que son sexistas en canto que as consideran de forma estereotipada e limitadas a certos roles, ao tempo que lexitiman o control social que exercen os homes sobre as mulleres.

O conxunto de ítems que compoñen este índice son os seguintes:

- Os homes están máis capacitados que as mulleres para desenvolverse na política, nos negocios, etc.
- Os homes deben tomar as decisións máis importantes na vida da parella.
- O home debe ser quen aporte máis diñeiro á súa familia (muller e fillos/as), por iso debe cobrar un salario máis alto.
- Está ben que os rapaces estean con moitas rapazas, pero non ao revés.

Deste xeito, vemos que todos estes ítems xiran en torno a unha concepción superior dos homes fronte ás mulleres no seu desenvolvemento na esfera pública (traballo, política, etc.) e tamén naqueles aspectos da vida privada ligados ao poder (toma de decisións, economía familiar, etc.).

Neste índice, os centros educativos con puntuacións máis elevadas son o **CPI Armando Cotarelo Valledor**, e o **CPI de Xanceda**. Se ben, as diferenzas entre os centros son moi pequenas xa que **todos os grupos presentan unha puntuación no índice de roles sexistas moi baixa**.



Ao reparar polo miúdo nos ítems, pódense indicar dous nos que se atopan diferencias entre as rapazas e os rapaces. Ambos os dous teñen que ver con eses **aspectos da vida privada máis ligados ao poder**, que en si ao papel que deben ter as mulleres na vida pública. Deste xeito, 9 de cada 10 rapazas rexeitan que os homes deban ser quen aporten máis diñeiro á súa familia, fronte a 8 de cada 10 rapaces que rexeitan esta idea de que os homes deban cobrar un salario máis alto. O mesmo sucede coa toma de decisións, 9 de cada 10 rapazas rexeitan que deban ser os homes quen deben tomar as decisións máis importantes na vida en parella, fronte a 8 de cada 10 rapaces. Estas diferenzas entre rapazas e rapaces son menos salientables que noutros eidos comentados con anterioridade (mitos, actitudes, etc.), se ben seguen a marcar unha pauta de maior rexeitamento de patróns machistas por partes das rapazas.

Así, os bos resultados acadados neste apartado parecen revelar que o alumnado apenas ten interiorizado os roles e estereotipos de xénero. Pero aínda que non se vira reflectido nas súas respostas no cuestionario, é un feito constatado que a publicidade e os medios de comunicación, que adoitan operar con determinados estereotipos sexistas, vai calando nas súas mentes sen que se dean conta, polo que non é raro que si cheguen a reproducir eses estímulos. Do mesmo xeito, esta menor incidencia nos ítems referidos aos roles sexistas tamén volve a ter a súa explicación na normatividade. Non debemos esquecer que os roles son expectativas de comportamento e, polo tanto, de todo o analizado ata o de agora son as enunciacións que máis se aproximan a un comportamento real dos rapaces e das rapazas. Como se poderá comprobar no próximo campo relativo ás condutas de acoso e control nas redes sociais, e como xa se viu dicindo en anteriores apartados da análise, conséntase que canto máis conscientes son as rapazas e rapaces de que están a responder por unha conduta ou comportamento concreto que poderían realizar, máis probable é que respondan o que consideran que é politicamente correcto. Porén, se son preguntadas ou preguntados por crenzas ou opinións que perciben que non teñen por que incidir nun futuro comportamento machista, a normatividade non ten tanta incidencia, e as rapazas e os rapaces sinalan en maior medida as crenzas e opinións que realmente teñen.

Ao observar as notas medias por curso, centro e sexo, verifícase o que se vén explicando na análise do índice. As notas acadadas polo alumnado son moi boas, sendo a maioría sobresalientes e mesmo chegando á máxima puntuación (10) en varios cursos de 4º de E.S.O. de distintos centros.

## Nota media por curso, centro e sexo en rexeitamento dos roles sexistas

CENTROS	Curso	Sexo	Nota en rexeitamento dos roles sexistas
CPI Armando Cotarelo Valedor	3º	Home	8,06
	3º	Muller	9,83
	4º	Home	8,51
	4º	Muller	9,86
CPI As Revoltas	3º	Home	9,38
	3º	Muller	9,73
	4º	Home	10,00
	4º	Muller	9,91
CPI Camiño de Santiago de Compostela	3º	Home	9,3
	3º	Muller	9,8
	4º	Home	9,7
	4º	Muller	10,0
CPI de Xanceda	3º	Home	8,40
	3º	Muller	8,84
	4º	Home	-
	4º	Muller	10,00
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	3º	Home	9,79
	3º	Muller	9,13
	4º	Home	9,84
	4º	Muller	9,64
CPI Fonte Díaz	3º	Home	8,88
	3º	Muller	9,69
	4º	Home	9,76
	4º	Muller	9,81
CPI Plurilingüe de Vedra	3º	Home	9,84
	3º	Muller	9,90
	4º	Home	9,74
	4º	Muller	10,00
CPI Ponte Carreira	3º	Home	10,00
	3º	Muller	10,00
	4º	Home	10,00
	4º	Muller	9,83
IES de Arzúa	3º	Home	9,69
	3º	Muller	9,81
	4º	Home	9,69
	4º	Muller	10,00
IES Ponteceso	3º	Home	8,75
	3º	Muller	9,55
	4º	Home	9,88
	4º	Muller	9,59
IES Urbano Lugo	3º	Home	10
	3º	Muller	9,86
	4º	Home	8,75
	4º	Muller	10

Fonte ▼  
elaboración propia a partir dos datos extraídos dos cuestionarios


## ○ ÍNDICE DE CONDUCTAS DE ACOSO E CONTROL NAS REDES SOCIAIS

Este índice, co que se pretende medir a reprodución da desigualdade de xénero nas TICs e a exposición de novas formas de violencia e control sobre as mulleres, varía de 8 a 24 puntos. Dentro deste tramo, 8 é a puntuación que recibe o alumnado que mantén aquelas condutas máis saudables no uso das redes sociais, e 24 puntos aquel alumnado que, nas súas respostas, semellan indicar comportamentos que teñen que ver co exercicio do dominio, co control e co acoso.

- Difundir imaxes, vídeos ou conversas da túa parella por Internet ou a través do móbil sen o seu consentimento.
- Ter as contrasinais das redes sociais da túa parella, porque iso é unha mostra de confianza.
- Controlar o uso que fai a túa parella das redes sociais e do móbil.
- Enfadarse algunha vez e insultar, ofender ou ridiculizar á túa parella a través das redes sociais.
- Mandar varias mensaxes ao día á túa parella para saber que fai, onde está e con quen.
- Borrar algunha foto persoal das redes sociais cando á túa parella non lle guste.
- Que a túa parella se enfade se non lle contestas inmediatamente ás mensaxes.
- Prohibirle á túa parella que fale por WhatsApp, ou por outras redes sociais con algunhas persoas.

Neste índice, os centros educativos con puntuacións máis elevadas son o CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, o IES Ponteceso, e o CPI Armando Cotarelo Valledor.

As diferencias entre os sexos tamén son destacables, e como era de esperar, na maioría de centros son os rapaces os que acadan puntuacións máis altas, o que indica que poden estar mantendo pautas pouco saudables a través das redes sociais.





As rapazas do curso académico de 4º de ESO do IES Urbano Lugo presentan, en promedio, as mellores puntuacións, e por tanto, condutas máis saudables. Así como tamén todos os cursos do CPI Ponte Carreira, o IES Arzúa, o CPI Plurilingüe de Vedra, e o CPI Fonte Díaz de Touro.

Aínda que ningún grupo presenta puntuacións que indiquen que o alumnado poida estar mantendo prácticas pouco saudables no uso das redes sociais, dado que as puntuacións son baixas, os rapaces de 3º do IES Ponteceso e os de 4º do IES Urbano Lugo son os que presentan valores máis elevados, atópanse nun tramo que os sitúa entre o baixo e o medio, e por tanto, algunha das súas prácticas son pouco saudables e normalizan algunha conduta de control.

Así mesmo, neste índice véñese a confirmar o exposto no apartado anterior, **canto maior é a percepción das rapazas e dos rapaces de que se lles está a preguntar por comportamentos e condutas que poden ser xulgadas como “machistas”, máis probable é que respondan pensando nun sesgo normativo de desexabilidade social**. Porén, vólvense a evidenciar novamente claras diferenzas entre rapazas e rapaces nalgún dos ítems.

Entrando en maior detalle, e reparando nas diferenzas segundo o sexo, a continuación revísanse aqueles ítems nos que o alumnado mostrou maior controversia e nos que se aprecian diferenzas máis significativas. Así, por exemplo, **case 7 de cada 10 rapazas rexeitan a idea de que nunha relación en parella sexa normal que se borre algunha foto persoal das redes sociais cando á súa parella non lle guste. Porén, este rexeitamento non alcanza nin á metade dos rapaces (46,7%)**. Doutra banda, e nunha liña argumental semellante, **case 2 de cada 10 rapaces consideran normal mandar varias mensaxes ao día á túa parella para saber que fai, onde está e con quen**; porén, ningunha rapaza está de acordo con esa afirmación, e só un 9% afirma estar algo de acordo.

Outros dous ítems que mostran que os rapaces manteñen prácticas menos saudables que as rapazas, aínda que de forma menos evidente que nos anteriores, é ter as contrasinais das redes sociais da túa parella como mostra de confianza, e que a túa parella se enfade se non lle contestas inmediatamente ás mensaxes. Así, un 84,4% das rapazas rexeita que se considere normal ter as contrasinais das redes sociais da súa parella como mostra de confianza, fronte a un 74,4% de rapaces. Para rematar, un 89,6% das rapazas rexeita que se considere normal que a súa parella se enfade no caso de non obter respostas inmediatas por Whatsapp, fronte a un 76,8% dos rapaces. Estas actitudes dannos unha visión sobre o grao de interiorización dalgúns mitos e falacias entre o alumnado, sobre a visión romántica do amor, e de como poden chegar a confundir os celos co amor e a protección. Algúns mecanismos de control, como pode ser o feito de querer saber en todo momento onde está a parella ou con quen, ou ter acceso ás contrasinais das redes persoais, en ocasións non as interpretan como un acto de control dentro da parella.

As actitudes de control na parella son un factor de risco para que se orixinen condutas violentas. Detrás da violencia escóndese unha relación de poder e dominación, unha forma inadecuada de afrontar os conflitos.

Neste último bloque volve a constatarase o peso que ten a normatividade nas respostas das rapazas e dos rapaces no cuestionario. Isto exemplifica que na maioría dos casos rexistrados, as rapazas e os rapaces coñecen os comportamentos e actitudes de control que supoñen un factor de risco. Se ben en eidos anteriores máis ligados ás (falsas) crenzas sobre a violencia de xénero, as dúbidas e a mitificación de certos aspectos da violencia de xénero como fenómeno, fan que aqueles índices puntuén máis alto que estes últimos, ao referirse a aspectos máis ligados á percepción que ao propio comportamento que adoitan manter nunha relación de parella.

Das notas medias por curso, centro e sexo extráese o que se vén referindo na análise deste índice. Así, en todos os grupos as notas medias foron moi altas, sendo a nota máis baixa a rexistrada polos rapaces de 3º de E.S.O. do IES Ponteceso, cun 7,59.

## Táboa X. Nota en rexeitamento das condutas de acoso e control nas redes sociais

CENTROS	Curso	Sexo	Nota en rexeitamento das condutas de acoso e control nas redes sociais
CPI Armando Cotarelo Valledor	3º	Home	8,15
	3º	Muller	8,83
	4º	Home	8,93
	4º	Muller	9,51
CPI As Revoltas	3º	Home	8,93
	3º	Muller	9,03
	4º	Home	8,66
	4º	Muller	9,46
CPI Camiño de Santiago de Compostela	3º	Home	8,53
	3º	Muller	9,73
	4º	Home	8,82
	4º	Muller	9,42
CPI de Xanceda	3º	Home	8,26
	3º	Muller	9,73
	4º	Home	-
	4º	Muller	9,38
CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	3º	Home	8,59
	3º	Muller	8,54
	4º	Home	9,06
	4º	Muller	9,15
CPI Fonte Díaz	3º	Home	9,09
	3º	Muller	9,44
	4º	Home	9,03
	4º	Muller	9,00
CPI Plurilingüe de Vedra	3º	Home	8,98
	3º	Muller	9,29
	4º	Home	8,93
	4º	Muller	9,53
CPI Ponte Carreira	3º	Home	9,53
	3º	Muller	9,56
	4º	Home	9,69
	4º	Muller	9,33
IES de Arzúa	3º	Home	9,04
	3º	Muller	9,33
	4º	Home	9,69
	4º	Muller	9,69
IES Ponteceso	3º	Home	7,59
	3º	Muller	9,25
	4º	Home	9,13
	4º	Muller	9,58
IES Urbano Lugo	3º	Home	9,06
	3º	Muller	9,41
	4º	Home	7,97
	4º	Muller	10,00

Fonte ▼  
 elaboración propia a partir  
 dos datos extraídos dos cuestionarios



CONCLUSIÓNS DA  
INVESTIGACIÓN  
PRELIMINAR





Os resultados acadados na presente investigación preliminar responden ao obxectivo de medir os coñecementos previos do alumnado participante no programa socioeducativo, así como as súas actitudes e percepcións ante a problemática da violencia de xénero. Polo que as conclusións aquí extraídas, da análise do cuestionario aplicado, tivéronse moi en conta na orientación e deseño dos contidos para traballar nas actividades socioeducativas.

O estudo resalta, a modo de termómetro, os puntos “máis quentes” en canto á vixencia de opinións, crenzas, actitudes, condutas e comportamentos sexistas do alumnado, ou que de forma indirecta, mostran o predominio de valores patriarcais, e que inciden na violencia de xénero.

A groso modo, os resultados amosan que son moitos os avances conseguidos en materia de valores e actitudes cara a igualdade. Así, conséntase que a gran maioría do alumnado mantén posicións contrarias aos valores patriarcais tradicionais e recoñecen a maioría das sinais que se identifican como comportamentos propios de relacións pouco saudables e/ou propios de determinadas formas de violencia sexista, así como pouca permisividade ante o rol de xénero masculino asociado á dominación sobre a muller. Aínda do cal, os datos tamén amosan a persistencia dalgúns sesgos de xénero nas actitudes e no imaxinario colectivo do alumnado, e a persistencia dalgunhas actitudes que, dalgunha forma, xustifican ideas sexistas. Así, aínda que as mozas e os mozos coinciden en moitos dos ítems que definen unha relación pouco saudable, obsérvase que os mozos son menos conscientes que as mozas respecto dos perigos do control e doutras realidades que esconden diferentes formas de violencia.

Así mesmo, non todas as formas de violencia de xénero nin todos os comportamentos que constitúen situacións de maltrato as identifican como tales. Ademais, son máis tolerantes que as persoas adultas en determinadas condutas de control e illamento. Polo que a problemática da violencia sexista non é algo superado nin que teña que ver con outras xeracións, aínda que moitas mozas e mozos participantes na investigación teñan unha baixa percepción de que a violencia de xénero é unha problemática que tamén estea estendida entre a mocidade.

Á luz dos datos, obsérvase por exemplo que o alumnado mantén un baixo grao de conciencia e unha menor apreciación do maltrato psicolóxico respecto do físico. Feito que se reflicte en que máis da metade das rapazas e dos rapaces (54%) pensan que a violencia de xénero, principalmente, é física.

Tamén se constatou que os mitos da violencia de xénero e as actitudes machistas nas relacións de parella

foron dous dos grandes bloques nos que a disparidade de respostas foi máis acusada. Neste senso, rexistráronse diferenzas entre os centros educativos, os cursos académicos (3º e 4º), e sobre todo e de forma máis significativa, sesgos de xénero. Exemplos evidentes destas diferenzas vémolos en que 9 de cada 10 rapazas (91,5%) rexeitan a idea de que estar namorado ou namorada implique compracer en todo á túa parella. Mentres que só 6 de cada 10 rapaces (59,1%) rexeitan esta idea de compracencia. Vese polo tanto que as expectativas que se teñen da parella son, en conxunto, menos saudables nos rapaces que nas rapazas, tendo especial peso neste apartado a mala interpretación do amor romántico. Tamén, observando todos os gráficos previos, conséntase que as rapazas de 4º de E.S.O. adoitan ser o perfil que en maior frecuencia rexeita as crenzas, opinións, actitudes, condutas e comportamentos machistas. Doutra banda, os rapaces de 3º de E.S.O., en moitos casos por **descoñecemento** xa que son o perfil que en maior medida elixiu as opcións "non sei" no cuestionario, adoitan ser os que en menor medida detectan e rexeitan este tipo de crenzas, opinións, actitudes, condutas e comportamentos.

Así mesmo, obsérvase algunha tensión entre as formas de masculinidade e feminidade e os modelos tradicionais, os cales se alimentan de condutas sexistas e da reprodución de estereotipos e roles de xénero. Así, unha mostra da persistencia de desequilibrios estruturais que se resisten a desaparecer atopámola no feito de que **case 4 de cada 10 rapazas e rapaces cren que as mozas séntense máis atraídas por homes fortes, virís e agresivos**. Este feito conduce a pensar en relacións baseadas en procesos de atracción e elección que perpetúan as desigualdades e a dominación masculina, o que adoita ir unido á reprodución dos mitos do amor romántico. A existencia destes estereotipos sexistas asociados á estruturación patriarcal, pode levar a xustificar a violencia de xénero. Deste xeito, ademais de pór a alarma nos modelos amorosos insáns que se se poden dar, non se debe obviar que os modelos de feminidade e masculinidade poden estar protagonizando as relacións afectivo-sexuais na adolescencia. Estes modelos de feminidade e masculinidade tradicionais son sostidos e apoiados polos axentes de socialización, que mostran pautas de comportamento e formas de entender as relacións de parella. Neste senso, **2 de cada 10 rapaces manifestan non percibir condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade, e no mundo laboral**, e a influencia dos medios de comunicación son un tentáculo importante do patriarcado. Os debuxos, series de televisión e programas influencian os nosos modelos de atracción e fan que interioricemos unha serie de valores que determinan a clase de persoas polas que sentimos atracción.

Ademais de todo o comentado ata o de agora, podemos sinalar tamén **2 grandes conclusións** extraídas desta parte preliminar do estudo: os mitos que se constrúen ao redor da violencia de xénero, e o peso do normativo ligado aos comportamentos e condutas que se poden xulgar como machistas. Aínda que con menor incidencia, a información acadada remítenos á importancia de que os mozos e as mozas adquiran habilidades na resolución pacífica de conflitos para que poidan manter relacións máis saudables, reforzando así o traballo de prevención da violencia de xénero. A este último respecto, **máis da metade das rapazas (51%) opinan que as redes sociais como o Whatsapp son unha fonte de conflitos nas relacións de parella**. Polo que as redes sociais, ademais doutros grandes desafíos do mundo actual, son factores que aumentan o risco de que se produzan situacións de violencia de xénero nas parellas adolescentes, e un traballo en favor da prevención de conflitos pode contribuír a reducir a tolerancia deste alumnado cara as agresións nas relacións de parella ou a afrontar situacións estresantes.

## OS MITOS SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

Utilizando unha forma de análise conxunta dos datos, sen estratificar ou filtrar por curso ou centro educativo, logrouse constatar que as puntuacións máis altas de mitificación da violencia de xénero, encárnanse nas escasas condutas e comportamentos sexistas detectados nos cuestionarios. É dicir, aquelas rapazas e rapaces que en maior medida opinaban sostendo mitos ao redor da violencia de xénero, son as poucas e os poucos que mostraron algunha conduta ou pauta de comportamento machista. Para chegar a esta conclusión, utilizouse o método de árbores de decisión ou decision trees. A continuación explícase graficamente o funcionamento desta técnica iterativa. Para isto, iremos dando resposta a unha serie de preguntas.

### **Que consecuencias negativas pode ter a mitificación da violencia de xénero?**

Menos dun 5% da mostra, en torno a 20 alumnas e alumnos, ten unha puntuación que apunta a unha interiorización de certos mitos que existen en torno a violencia de xénero (no apartado das notas poderíamos dicir que puntuarían cun deficiente en desmitificación da violencia de xénero), isto é, caen en mitos e estereotipos sobre a violencia de xénero que a sustentan. **Que relación hai entre soste determinados mitos, o comportamento e as condutas machistas?**

Se partimos de que o suxeito é un rapaz (de 3º ou 4º) ou unha rapaza de 3º, que puntúa medio ou alto no índice de actitudes machistas nas relacións en parella, e que puntúa tamén medio ou alto no índice de condutas de acoso e control nas redes sociais, o resultado é ese case 5% que sostén, de forma moi acentuada, mitos e falsas crenzas acerca de por que se produce violencia machista contra as mulleres.

Aínda que poda creerse que un 5% non sexa unha porcentaxe estatisticamente significativa, o certo é que o perfil destacado aquí tamén funciona á inversa: as/os que non mitifican a violencia de xénero, non presentan actitudes, comportamentos, e condutas machistas. Polo tanto, esta forma de análise destácanos cal é o **factor máis importante á hora de poder entender os comportamentos e condutas sexistas rexistradas: unha mitificación que rexeita a existencia da violencia de xénero como unha problemática real.**



A modo didáctico, interpretarase agora o dito cun exemplo máis concreto. Un rapaz, que pense que estar namorado implica compracer en todo á túa parella, e que teña as contrasinais das redes sociais da mesma pensando que iso é unha mostra de confianza, mitifica a violencia de xénero coma se non fora unha problemática real na sociedade actual, aludindo que esta, ademais de non ser moi frecuente, débese a factores externos ás condicións de home e muller (abuso de drogas, perda dos nervios, malos tratos na infancia...). Todo isto entendido baixo o paraugas heurístico que supón para un rapaz entender a violencia de xénero como algo principalmente físico, descoñecendo así todas as outras formas de violencia xénero existentes que se dan no día a día e das que deben ser conscientes para tratar de evitalas.

## A NORMATIVIDADE E O REXEITAMENTO A SER XULGADO COMO UN/UNHA MACHISTA

Canto máis preto perciben as rapazas e rapaces que están a responder por unha conduta ou comportamento concreto que elas ou eles poderían cometer, máis probable é que respondan o que se considera politicamente correcto. Porén, se son preguntados ou preguntadas por crenzas e opinións que perciben que non teñen por que incidir nun futuro comportamento machista, a normatividade non é tan clara, e as rapazas e rapaces sinalan en maior medida as crenzas e opinións que realmente teñen. O carácter normativo dun considerado “bo” comportamento igualitario fai que as rapazas e os rapaces perciban como “malo” os comportamentos con carices machistas ou que poidan ser interpretados e xulgados como tal. Así, tanto as rapazas como os rapaces optan por maiormente marcar o politicamente correcto, ou o que pensan que é o máis aceptable para a sociedade cando se lles pregunta polas súas condutas e comportamentos.

Polo tanto, canto maior é a percepción das rapazas e dos rapaces de que se lles está a preguntar por comportamentos e condutas que poden ser xulgadas como “machistas”, máis probable é que respondan pensando nun sesgo normativo de desexabilidade social.

En definitiva, o cuestionario tamén serviu, e sen hipóteses a priori ao respecto, para constatar o peso que ten a normatividade nas eleccións das rapazas e dos rapaces. Isto exemplifica que na maioría dos casos rexistrados, as rapazas e os rapaces **coñecen os comportamentos que se xulgan como marcadamente machistas**. Se ben en eidos de violencia machista máis ligados ás (falsas) crenzas sobre a violencia de xénero, o descoñecemento, as dúbidas e a mitificación de certos aspectos nas relacións de parella e da violencia de xénero como fenómeno, fan que aqueles índices puntúen máis alto que os que tratan de medir condutas e comportamentos. Reflectíndose isto sempre nunhas mellores notas medias para o rexeitamento dos comportamentos e das condutas machistas, fronte ás crenzas e ás actitudes. Resulta ata certo punto preocupante a normalización que a propia poboación moza ten da violencia hoxe en día. Recentes informes indican que cando á mocidade se lles describe a violencia, recoñécena, con todo, cando eles ou elas falan sobre a mesma, pensan maioritariamente que é un problema que afecta a mulleres casadas e maiores.





